

## DESPIDOS DISCIPLINARIOS: EVITA O RISCO

**Nos últimos meses, BBVA despediu disciplinariamente a máis dunha vintena de traballadores/ás, (Comerciais, Asesores, Directores) por perda de confianza derivada de supostas faltas e incumprimentos da normativa interna, endurecendo así a súa política en materia de RRHH.**

A presión exercida na consecución de obxectivos, plasmada a través dun Ranking público, e aderezada con determinadas actitudes e veladas ameazas, é, para CCOO, a primeira causa efecto desta nova situación, que remata co despedimento do empregado/a de BBVA e, polo tanto, cun adelgazamento anti-natura do equipo.

As "irregularidades" máis habituais detectadas e que quebran a confianza co banco son:

- Disposicións indebidas de efectivo, a través de tarxetas corporativas, de contas de clientes ou de efectivo de caixas.
- Devolución de comisións dende a conta do empregado.
- Aboamento de extratipos.
- Falta de documentación xustificativa das operacións.
- Extralimitación de facultades.
- Falsear datos do "Scoring".
- Regularizar indebidamente situacións de morosidade.
- Operatoria sobre contas propias ou do ámbito familiar.
- Cesión de password y autorizacións verbais.
- Reclamacións dos clientes.....



O banco establece unha política de obxectivos moi esixente, ambiciosa e case imposible de cumprir, e cremos que aquí está a base desta situación. A presión exercida sobre Xestores, Comerciais, Asesores e Directores é tal, que inducen a prácticas operatorias e comerciais impropias, que na maioría dos casos non só non supoñen ningún beneficio para o empregado/a, senón que mesmo hai achega de recursos propios para evitar a perda de clientes e/ou operacións. Mentres tanto, aqueles Responsables que induciron a esas prácticas farán "silencio polo foro" e desaparecerán da escena inmediatamente para non se pringar.

Desgraciadamente, o banco está a ser implacable con estas situacións, non permitindo a busca de saídas alternativas, que impidan a perda do posto de traballo, xerando situacións familiares, afectivas e económicas moi dramáticas.

Dende CCOO facemos un chamamento ao equipo para non antepoñer o cumprimento dos obxectivos sobre o cumprimento da normativa interna de BBVA. Non se despede a ninguén por non cumprir os obxectivos, pero si por incumprir a norma interna do banco.

Ao BBVA seguimoslle esixindo a implantación sistemática das avaliacións de riscos psicosociais a toda o equipo e a corrección dos riscos detectados, que sabemos que os hai, en especial a presión sobre o equipo na esixencia do cumprimento de obxectivos.

Ante o inicio dun Expediente disciplinario, non te quedes só/a. É vital que te poñas en contacto con CCOO no mesmo momento da recepción do prego de cargos, para asesorarte na túa resposta. E recorda, que en caso de estar afiliado/á CCOO, a empresa está obrigada a comunicárnolo, para que teñamos oportunidade de revisar o expediente e garantir a defensa dos teus intereses.

Outubro 2013

Achegamos solucións, melloramos os teus dereitos.

COMFIA CCOO BBVA sección sindical

Tel. 91 594 42 63 - 93 401 53 33 - bbvaccoo@comfia.ccoo.es  
www.comfia.net/bbva - Portal Sindical en espacio - www.comfia.info  
adherida a la [unión network internacional](#)

